

SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 29. AS GRANDES REFORMAS DA II REPÚBLICA

Os documentos cun asterisco están extraídos de exames da PAU

Doc. 1. Santiago Carrillo rememora a figura de Manuel Azaña e o seu papel na Segunda República*:

“Manuel Azaña era o líder republicano menos coñecido polas masas o 14 de abril cando o Comité Revolucionario se fixo cargo do Goberno, pero era tamén o que tiña un coñecemento máis exacto dos grandes problemas nacionais do momento. Entre estes atopábanse a gran propiedade latifundista, o control da Igrexa católica sobre a política e a cultura [...] e a existencia dun Exército colonialista [...]. [...]

Como digo, seguramente Azaña tiña conciencia destes problemas coma ninguén, pero carecía de suficiente forza propia, dun partido forte que o sustentase, do apoio dunha burguesía emprendedora —inexistente— e, como recoñeceron moitos, do carácter e a coraxe que esixía a empresa [...].”

Doc.2. No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa*:

“A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomía locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, formúloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

Doc. 3. Lei de Retiro da Oficialidade, 25 de abril de 1931*:

“A proposta do Ministro de Guerra, o Goberno provisional da República decreta:

Artigo 1º. Concédese o pase á situación de segunda reserva, co mesmo soldo que gocen no seu emprego da escala activa, a todos os Oficiais xerais do Estado Maior xeneral, aos da Garda civil e Carabineiros, e aos dos Corpos de Alabardeiros, xurídico militar, Intendencia e Sanidade (...) que o soliciten do Ministerio da Guerra dentro dos trinta seguintes aos da publicación deste Decreto”

Doc.4. O decreto de 23 de abril de 1931 obriga aos militares a prometer fidelidade á República*:

“A revolución de abril, que por vontade do pobo instaurou a República, extingue o xuramento de obediencia e fidelidade que as forzas armadas da nación prestaran ás institucións hoxe desaparecidas (...), a unha dinastía ou unha persoa. A misión do Exército é soste a independencia da Patria (...). O Goberno provisional da República decreta:

Art.. 1º. Todo os xenerais en situación de actividade ou reserva, e todo os xefes, oficiais e asimilados (...) haberán prestar no prazo de catro días (...) solemne promesa de adhesión e fidelidade á República”.

Doc. 5. Beneficios da reforma agraria, segundo o enxeñeiro agrario Pascual Carrión, integrante da Comisión Técnica encargada de elaborar o anteproxecto de Lei de Reforma Agraria*:

“[...] O custo da reforma, xa o apreciamos, é duns 500 millóns de pesetas anuais durante un decenio, pero estas cantidades seranlle devoltas ao Estado polos mesmos cultivadores, e, canto ás melloras sociais, camiños, poboados, obras de rega etc., tamén serán amortizadas co aumento de contribucións e impostos. [...] A respecto dos beneficios sociais, non hai que ponderar o que supón que teñan ocupación todos os obreiros agrícolas desas provincias e que poidan levar unha vida modesta, pero que cubra as súas necesidades e lles permita ser verdadeiramente libres [...]”

Doc.6. Lei de Bases da Reforma Agraria (1932)*:

Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parcería ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deban presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

Doc. 7. A reforma educativa. Decreto de 24 de xuño de 1931*:

“O Goberno provisional da República sitúa no primeiro plano das súas preocupacións os problemas que fan referencia á educación do pobo. A República aspira a transformar fundamentalmente a realidade española até lograr que España sexa unha auténtica democracia. E España non será unha auténtica democracia mentres a inmensa maioría dos seus fillos, por falta de escolas, se vexan condenados a perpetua ignorancia. [...] Fundado nestas razóns, e a proposta do Ministro de Instrución Pública e Belas Artes, o Goberno provisional da República decreta: Artigo 1.º Autorízase o Ministerio de Instrución pública para crear, a partir do 1º de Xullo, 7.000 prazas de Mestres e Mestras con destino ás Escolas nacionais [...]”

Doc. 8. Informe sobre as Misións Pedagóxicas*:

“A Misión desenvolve o seu programa en forma de reunións culturais públicas na escola, noutra sala ou na praza e a horas compatibles co traballo local, nunha ou varias sesións diarias, desenvolvendo en charlas sinxelas amplos temas de interese xeral humano, [...] audicións musicais comentadas, e conferencias e conversacións sobre educación cidadá, desenvoltas á marxe de toda intención partidista, nun plano de limpeza, co fin primordial de difundir ideas acerca da cultura política actual, o espírito da República e o coñecemento da Constitución. Paralelamente a esta actuación cultural, a Misión cumpre outra finalidade estritamente pedagóxica: visita as escolas, desenvolve cos nenos leccións, cantos, xogos, excursións, en colaboración cos mestres”.

Doc. 9. O Estatuto de Autonomía de Cataluña (1932)*:

“Art.1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español de acordo coa Constitución e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...).

Doc.10. Manifiesto electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932)*:

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...).

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis o menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”.


Doc.11. A educación da II República en cifras

A educación en cifras					
Escolarización		Mestres/as		Escolas	
1930	55,8 %	1923	28.987	1922	28.934
1931	58,8 %	1925	30.180	1931 (abril)	37.599
1932	62,0 %	1929	32.480	1935 (abril)	50.527
1933	65,6 %	1931	34.680		
1934	69,0 %	1933	46.260		

Institutos de Segunda Ensinanza			
	Nº	Profesores/as	Alumnado
1931	80	1.722	105.649
1934	111	2.739	130.752

Fonte: Manual Historia de España 2º Bacharelato Ed. Baía

Doc. 12 Resultados da Reforma Agraria



Fonte: Manuel Historia de España 2º Bacharelato Ed. Santillana